

GLOBAL COMPLEXITY

Amine Asselman

“C”

12 enero - 11 marzo 2018

Vivimos en un mundo capitalista, que propuso “la globalización” como solución a los conflictos de la humanidad, una solución que pretendía abrir fronteras, pero lo que ha conseguido realmente fue levantar muros y vallas. Una cultura de fronteras que forma parte de nuestro desarrollo. (Reviel Netz, 2015)

Las fronteras no son solo esas barreras que separan países en conflicto, estas se encuentran dentro de un mismo país o incluso ciudad, la urbanización actual genera nuevas formas de movilidad pero también genera fronteras entre el centro y la periferia. En la ciudad globalizada se ven todas las contradicciones del desarrollo urbano, cada vez más marcado por las desigualdades, las barreras espaciales y la separación entre clases. (Marc Augé, 2009)

Esta instalación muestra la contradicción de la conectividad y la globalización frente a las barreras y las fronteras en nuestro paisaje cotidiano. En cierta manera es una visión personal de la complejidad global en la que vivimos hoy en día. Ilustra la relación entre las fronteras, los medios de comunicación y por supuesto la economía. Para mí, los pilares de la llamada Globalización.

Mi condición de vivir y crecer entre Europa y África, entre un país en vía de desarrollo y países desarrollados, entre un país cristiano y otro musulmán... me hizo desarrollar una visión sobre cómo funciona el “mundo globalizado”, en el que las fronteras -como barreras territoriales- y los medios de comunicación -como barreras culturales y raciales- están al servicio de los intereses económicos.

En este proyecto intento unir mi investigación sonora (autodidacta) y visual (académica) en una única pieza, algo que llevo mucho tiempo queriendo hacer y que me hizo enfrentarme a nuevos retos para conseguir una cierta armonía y coherencia entre la

parte conceptual el resultado visual y sonoro.

A través de esta intervención quiero sumergir el público en un espacio donde se percibe el contraste entre la conectividad y las fronteras, y al mismo tiempo hacerle partícipe de un juego de “comunicación manipulada” creando un ambiente sonoro/visual divertido y al mismo tiempo preocupante que nos hará reflexionar sobre el resultado de la globalización. Cables, pinchos, micrófonos, altavoces, pedaleras de efectos y otros elementos forman esta instalación que invadirá el espacio de la Zona “C”.

Descripción:

De lejos apreciamos postes eléctricos y bobinas de latón conectadas por cables. Cuando nos acercamos nos damos cuenta que esos cables contienen pinchos que simulan el alambre de espino convirtiendo esta conexión en algo preocupante.

Las piezas de latón simulan las bobinas donde se enrollan los cables eléctricos que recorren nuestro planeta, y el latón alude a las monedas y por lo tanto al capitalismo. Los cables se van transformando de alambre de espino a unos mosaicos que conectan las bobinas de latón. En esta obra, al igual que muchas otras anteriores, recurro a los mosaicos, inspirados del arte islámico, refiriéndome a la actual complejidad de la imagen que pueden llegar a crear los medios de comunicación de un enemigo global omnipresente. Aquí los mosaicos funcionan como elementos de unión combinándolos con los pinchos que representan elementos de separación.

Esta obra también tiene una parte interactiva. Cinco de las nueve piezas de latón tienen contactadas un micrófono que capta el sonido del participante y que a través de unas pedaleras de efectos y unos amplificadores se trasmite a las otras cuatro bobinas que funcionan como altavoces gracias a unos transductores táctiles.

Amine Asselman (Toulouse, Francia, 1989) es licenciado en diseño por el Instituto Nacional de Bellas Artes de Tetuán, Marruecos; Master en Arte Contemporáneo por la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra y actualmente cursando el doctorado de Arte Contemporáneo en la misma facultad.

amineasselman.com

Zona «C»

San Domingos de Bonaval 1/Santiago de Compostela

HORARIO ZONA «C»

Entrada libre de martes a sábado de 16.00 a 20.00h domingos de 14.00 a 19.00 h luns pechado

compostelacapitalcultural.gal

facebook.com/CompostelaCapitalCultural

@CCultura



GLOBAL COMPLEXITY

Amine Asselman

“C”

12 xaneiro - 11 marzo 2018

Vivimos nun mundo capitalista, que propuxo «a globalización» como solución aos conflitos da humanidade, unha solución que pretendía abrir fronteiras, pero o que conseguiu realmente foi levantar muros e valos. Unha cultura de fronteiras que forma parte do noso desenvolvemento. (Reviel Netz, 2015)

As fronteiras non son só esas barreiras que separan países en conflito, estas atópanse dentro dun mesmo país ou mesmo cidade. A urbanización actual xera novas formas de mobilidade pero tamén xera fronteiras entre o centro e a periferia. Na cidade globalizada vense todas as contradicións do desenvolvemento urbano, cada vez máis marcado polas desigualdades, as barreiras espaciais e a separación entre clases. (Marc Augé, 2009)

Esta instalación mostra a contradición da conectividade e a globalización fronte ás barreiras e as fronteiras na nosa paisaxe cotiá. En certa maneira é unha visión persoal da complexidade global na que vivimos hoxe en día. Ilustra a relación entre as fronteiras, os medios de comunicación e por suposto a economía. Para min, os alicerces da chamada globalización.

A miña condición de vivir e crecer entre Europa e África, entre un país en vía de desenvolvemento e países desenvolvidos, entre un país cristián e outro musulmán..., fíxome desenvolver unha visión sobre como funciona o «mundo globalizado», no que as fronteiras -como barreiras territoriais- e os medios de comunicación -como barreiras culturais e raciais- están ao servizo dos intereses económicos.

Neste proxecto intento unir a miña investigación sonora (autodidacta) e visual (académica) nunha única peza, algo que levo moito tempo querendo facer e que me fixo enfrontarme a novos retos para

conseguir unha certa harmonía e coherencia entre a parte conceptual o resultado visual e sonoro.

A través desta intervención quero mergullar o público nun espazo onde se percibe o contraste entre a conectividade e as fronteiras, e ao mesmo tempo facelo participe dun xogo de «comunicación manipulada» creando un ambiente sonoro/visual divertido e asemade tempo preocupante que nos fará reflexionar sobre o resultado da globalización. Cables, pugas, micrófonos, altofalantes, pedaleiros de efectos e outros elementos forman esta instalación que invadirá o espazo da Zona «C».

Descrición:

De lonxe apreciamos postes eléctricos e bobinas de latón conectadas por cables. Cando nos achegamos dámonos conta de que eses cables conteñen pugas que simulan o arame de espiño convertendo esta conexión en algo preocupante.

As pezas de latón simulan as bobinas onde se enrolan os cables eléctricos que percorren o noso planeta, e o latón alude ás moedas e por tanto ao capitalismo. Os cables vanse transformando de arame de espiño a uns mosaicos que conectan as bobinas de latón. Nesta obra, do mesmo xeito que en moitas outras anteriores, recorro aos mosaicos, inspirados na arte islámica, referíndome á actual complexidade da imaxe que poden chegar a crear os medios de comunicación dun inimigo global omnipresente. Aquí os mosaicos funcionan como elementos de unión combinándoos coas pugas que representan elementos de separación.

Esta obra tamén ten unha parte interactiva. Cinco das nove pezas de latón teñen conectado un micrófono que capta o son do participante e que, a través dunhas pedaleiros de efectos e duns amplificadores, se transmite ás outras catro bobinas que funcionan como altofalantes grazas a uns transdutores táctiles.

Amine Asselman (Toulouse, Francia, 1989) é licenciado en deseño polo Instituto Nacional de Bellas Artes de Tetuán, Marrocos; Máster en arte contemporánea pola facultade de Belas Artes de Pontevedra e actualmente cursando o doutoramento de arte contemporánea na mesma facultade.

amineasselman.com

Zona «C»

San Domingos de Bonaval 1/Santiago de Compostela

HORARIO ZONA «C»

Entrada libre de martes a sábado de 16.00 a 20.00h domingos de 14.00 a 19.00 h luns pechado

compostelacapitalcultural.gal

[@CCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCapitalCultural)

